

**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA O CONTRATO DA EXECUCIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DECORATIVO DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DAS RÚAS COMERCIAIS DA CIDADE DURANTE AS FESTAS DO NADAL.**

### **CLÁUSULA 1.- OBXECTO**

O presente prego ten por obxecto especificar as condicións técnicas que regularán o desenvolvemento do proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas comerciais da cidade durante as festas do Nadal. Os licitadores deberán desenvolver a súa proposta técnica para as rúas definidas no **anexo I** deste prego, tendo en conta que os elementos de iluminación propostos deberán cumprir coas especificacións técnicas definidas no **anexo II** deste prego. Así mesmo, o desenvolvemento do proxecto decorativo debe incluír os traballos de montaxe, desmontaxe e mantemento durante os prazos indicados no presente prego.

### **CLÁUSULA 2.- DESCRICIÓN DOS SERVIZO A EXECUTAR**

#### 2.1.- Desenvolvemento do proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas comerciais

Os licitadores deberán presentar un proxecto decorativo da iluminación exterior a través dunha proposta específica para as rúas comerciais indicadas no **anexo I** deste prego. Este proxecto deberá conter como mínimo unha proposta gráfica da tipoloxía do elemento a instalar en cada rúa ou espazo exterior, a cal deberá indicar as especificacións técnicas do elemento. Ditas especificacións técnicas deberán de ser equivalentes as definidas no **anexo II** deste prego, cunha variación máxima dun 5%. De todos xeitos, o volume total instalado debe coincidir coa proposta ofertada, no relativo á superficie total dos arcos, motivos e varios luminosos. Así mesmo, o proxecto deberá xustificar a disposición polo adxudicatario dun stock dos elementos propostos, así como unha proposta alternativa para a substitución de calquera elemento.

O proxecto decorativo deberá contemplar unha proposta de distribución do número de unidades en cada rúa ou espazo público, así como unha proposta dos procesos de instalación que xustifique os tempos comprometidos polo licitador.

O licitador pode presentar o mesmo elemento luminoso para varias localizacións diferentes, pero no proxecto decorativo incluír explicitamente para cada rúa obxecto do contrato a ficha técnica dos elementos que oferte. Esta ficha técnica incluír entre outras as dimensións e forma exteriores do elemento, foto, debuxo ou figura que represente, as cores de cada parte, o peso e a potencia eléctrica, así como o custe de cada elemento.

#### 2.2.- Requisitos das instalacións

O adxudicatario realizará as instalacións dos elementos de decoración propostos na súa oferta nas rúas e espazos públicos determinados no **anexo I**. Dita instalación deberá cumprir cun



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 06/04/2017 12:48

Páxina 1 de 39

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/04/2017

Código de verificación: 28E54-C2ACC-D5BDA-8ADBB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



reparto coherente no espazo dispoñible, mantendo unha uniformidade nas interdistancias entre os diversos elementos.

Todas as instalacións deberán cumprir co Regulamento electrotécnico de baixa tensión, o Real decreto de eficiencia enerxética e a Ordenanza municipal de iluminación pública.

As instalacións realizaranse en tendido aéreo mediante cableado o cal deberá retirarse na súa totalidade durante o período de desmontaxe. Estas instalacións deberán estar avaladas por un certificado de obra asinado por técnico competente na materia, en especial no referente aos requirimentos eléctricos e de sustentación mecánica, que será entregado ao Concello para a súa revisión e conformidade previa ao inicio da montaxe das instalacións obxecto do presente prego. Durante a execución todas as actuacións relativas á montaxe dos elementos mecánicos e eléctricos deberán ser supervisadas por un técnico da empresa adxudicataria competente na materia, que deberá certificar que a empresa executa as instalacións de acordo co proxecto aprobado previamente.

O adxudicatario debe garantir unha eficaz e permanente dispoñibilidade do servizo de mantemento durante as 24 horas do día durante o período de funcionamento da iluminación, sendo pola súa conta a substitución de todos os elementos avariados por calquera motivo ou que non cumpran as especificacións requiridas.

A empresa adxudicataria terá dereito a esixir a non intervención nas instalacións da súa competencia de terceiras persoas durante o período do contrato, salvo inspección dos servizos técnicos municipais e persoas ou entidades autorizadas por estes.

### 2.3.- Subministro enerxético das instalacións

A enerxía eléctrica procederá das liñas xerais da compañía eléctrica á tensión 230/400V, solicitándose a esta un punto de conexión, para o cal a mercantil adxudicataria deberá realizar as solicitudes de acometida eléctrica á compañía subministradora, entregando previamente unha memoria técnica e o certificado de instalación ("boletín") na Delegación da Consellería de Industria. Os custes e tramitacións que xeren estas accións serán por conta do adxudicatario.

Quedan excluídos do presente contrato os gastos derivados do consumo de enerxía eléctrica dos elementos instalados, que correrán por conta do Concello de Vigo, unha vez dadas de alta e legalizadas as respectivas instalacións.

### 2.4.- Liñas

O tendido será mediante condutores aéreos, dividíndose en sectores e a través de circuitos separados. En cada zona existirá un centro de mando e protección que distribuirá a enerxía as rúas adxacentes, segundo a potencia instalada. As liñas de acometida aos cadros partirán do punto de conexión da compañía subministradora. Os condutores serán illados e coa sección



**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



suficiente e a porcentaxe de caída de tensión máximas admisibles, respetando en todo caso o Regulamento electrotécnico de baixa tensión e a normativa vixente nesta materia.

2.5.- Centros de mando e protección

Disporanse por zonas e incluírán interruptor xeral automático de corte omnipolar para iluminación, que permita o accionamento manual. Estarán dotados de dispositivos de protección contra sobrecargas e cortocircuitos mediante interruptores magnetotérmicos, e contra contactos indirectos por interruptores diferenciais de sensibilidade acorde a cada caso. Disporán tamén de reloxo astronómico para o control automático do acendido e apagado dos elementos decorativos.

O cadro estará no Centro de Cargas para manter o equilibrio de fases da instalación, e nun lugar accesible soamente ao persoal de servizo da empresa instaladora, da empresa subministradora e aos servizos técnicos municipais. Terá as características axeitadas de estanquidade e protección (IP e IK) para a instalación na intemperie e contra actos de vandalismo.

2.6.- Condicións técnicas para o apoio ou soporte dos elementos decorativos luminosos

Cando o apoio do motivo luminoso sexa un soporte de iluminación pública existente (farolas, etc...), a fixación farase mediante ancoraxes e outros elementos que non danen as farolas. Para este caso, os tipos de soportes de iluminación coas dimensións de forma xeral se recollen no **Anexo III**.

O material do elemento de ancoraxe poderá ser de aceiro galvanizado, aluminio ou aceiro inoxidable con acabado pintado adecuado a cada tipo de material.

As dimensións de referencia figuran no **Anexo III**. Non entanto, o adxudicatario poderá propoñer outras medidas e/ou formas xeométricas para estes elementos de ancoraxe, o cal deberá ser conformado polos técnicos municipais previamente a súa montaxe.

A tipoloxía dos ancoraxes que establécense no **anexo III**, recolle os tipos que se describen de seguido:

- a. Columna de fundición modelo "Fernando VII": as dimensións máis significativas e a forma da columna aparecen no **anexo III** deste prego. A instalación do motivo luminoso realizarase mediante un elemento de ancoraxe que permita elevalo sobre a farola, de xeito que cumpra os requirimentos de altura mínima ao chan recollidos neste prego.
- b. Columna de fundición modelo "bailén I": as dimensións máis significativas e a forma da columna aparecen no **anexo III** deste prego. A instalación do motivo luminoso realizarase mediante un soporte que permita elevalo sobre a farola de xeito que cumpra os requirimentos de altura mínima ao chan recollidos neste prego.
- c. Columna de fundición modelo "bailén II": as dimensións máis significativas e a forma da columna aparecen no **anexo III** deste prego. A instalación do motivo luminoso



**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



- realizárase mediante un soporte que permita elevalo sobre a farola de xeito que cumpra os requirimentos de altura mínima ao chan recollidos neste prego.
- d. Columna 4 metros: as dimensións máis significativas e a forma da columna aparecen no **anexo III** deste prego. A instalación do motivo luminoso realizárase mediante un soporte que permita elevalo sobre a farola de xeito que cumpra os requirimentos de altura mínima ao chan recollidos neste prego.
  - e. Columna grande: as dimensións máis significativas e a forma da columna aparecen no **anexo III** deste prego. Trátase de columnas rectas ou báculos de iluminación pública con altura total superior a 4 metros. A instalación do motivo realizárase mediante elementos directos á propia farola.
  - f. Os arcos luminosos transversais, sustentáranse mediante os soportes existentes nas fachadas ou soportes similares, sen perforar novos ancoraxes. Cando isto non sexa posible, presentárase aos responsables municipais outra solución técnica para a súa aprobación, previa instalación destes.

Correrán por conta do adxudicatario estas actuacións, así como os permisos necesarios para suxeitar os elementos decorativos (fachadas, farolas, báculos, etc...).

**2.7.- Características técnicas xerais dos elementos luminosos a instalar atópanse recollidas no anexo II, pero de maneira xeral deberán atender as seguintes especificacións técnicas xerais**

**2.7.1.- Condicións técnicas lumínicas xenéricas:**

- a. Iluminación por “LED’s” superbrillo de alta luminosidade.
- b. Vida útil mínima do led 10.000 horas.
- c. O perfilado do bastidor farase con fío luminoso Led superbrillo e os detalles de recheo con micro-Led.
- d. Temperatura de cor: Luz fría, arredor dos 5.600 k
- e. As cores serán cando menos: branco e branco cálido, azul e vermello. O uso doutras cores deberá ser autorizado previamente.
- f. Elementos aptos para instalación no exterior (elementos estancos).
- g. Estrutura de aluminio reforzada, e/ou Inox, que provea ao conxunto da resistencia suficiente a golpes e vibracións.
- h. Alimentación por cable de goma GS/CE IP44 para uso exterior.

**2.7.2.- Ademais do anterior, os motivos luminosos decorativos a adosar en farola, columna ou en fachada requirirán:**

- a. Marco de protección en lateral e parte superior.
- b. Suxeición de aceiro inoxidable adaptada para cada tipo de soporte.
- c. Cada motivo contará con dobre abrazadeira.
- d. Protección especial de goma para evitar danos nos soportes.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 06/04/2017 12:48

Páxina 4 de 39

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/04/2017

Código de verificación: 28E54-C2ACC-D5BDA-8ADBB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



2.7.3.- Os arcos decorativos deberán cumprir no seu caso:

- a. Estarán dotados de marco de protección.
- b. Suxeicións de aceiro inoxidable.

2.7.4.- As dimensións xeométricas dos elementos decorativos serán tales que permitan unha axeitada integración estética coa contorna. Neste senso é preciso definir as dimensións mínimas en función do soporte no que se sustenten, segundo recolle no **anexo II** e no **anexo III**, que de forma xeral atenderán os seguintes criterios:

- a. Arcos: a lonxitude do arco será tal que ocupe cando menos o total do ancho da zona de rodadura no vial no que se instale e a altura mínima do arco será de 1,5 metros.
- b. Motivos sobre columna de 4 metros ou columna de fundición de calquera tipo: medidas mínimas de 1,5m de alto por 1m de ancho, colocados sobre soporte alongador para cumprir especificación de altura sobre a calzada.
- c. Motivos sobre columna grande: medidas mínimas 3m de alto por 1,5 m de ancho.

#### 2.8.- Stock de seguridade

O adxudicatario deberá dispor ao inicio do período de probas, e mantelo durante todo o período de acendido, dun stock de seguridade de alomenos o 10% de elementos idénticos aos subministrados no contrato. Estes elementos estarán dispoñibles para facer fronte ás substitucións que sexan precisas durante todo o período de acendido do iluminación ornamental navideña.

O stock de seguridade estará fisicamente accesible no lugar que o adxudicatario dispoña a tal efecto, onde tamén estarán situados os medios necesarios para a prestación do servizo requirido, e será accesible e revisable polos técnicos municipais durante o período de montaxe, de probas e en calquera outro momento do período de acendido. Para o cumprimento deste requisito o local de almacenaxe dos materiais e dos equipos de traballo deberá localizarse a unha distancia máxima que posibilite o desprazamento nun tempo máximo de 45 minutos, a calquera das rúas de instalación obxecto deste contrato.

#### 2.9.- Porcentaxe de lucimento no período de funcionamento

Defínese como porcentaxe de lucimento [L] de cada elemento decorativo de iluminación, ao cociente entre o número de unidades "LED" que efectivamente lucen [k] e o número de LED's totais do elemento [z], multiplicado por cen.

$$L = (k/z) \cdot 100$$

Esixirase ao adxudicatario que todos os elementos decorativos instalados ao abeiro deste contrato estean en correcto funcionamento no horario que o Concello determine para cada día



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 06/04/2017 12:48

Páxina 5 de 39

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/04/2017

Código de verificación: 28E54-C2ACC-D5BDA-8ADBB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



do período de acendido. Cada elemento atoparase en funcionamento correcto cando manteña unha porcentaxe de lucimento [L] mínimo do 90%, considerándose avaría en caso contrario.

2.10.- Horario

**Acendido:** Todos os días as 18:00 h.

**Apagado:**

-De domingo a mércores: Ás 01:00 h

-De xoves a sábado: Ás 04:00 h

-As noites do 23, 24, 25, 30, 31 de decembro e as noites do 1, 5 e 6 de xaneiro permanecerá acendido todas as noites ata ao amencer.

**CLÁUSULA 3.- CONDICIÓN DA INSTALACIÓN E POSTERIOR RETIRADA DOS ELEMENTOS DECORATIVOS.**

1. A empresa adxudicataria realizará ao seu cargo todas as instalacións necesarias para prestar o servizo contratado que se indica neste prego, así como a tramitación de todos os permisos públicos ou privados necesarios. O proceso de montaxe contemplará a provisión, transporte, carga, descarga e instalación dos elementos decorativos subministrados, así como todos aqueles elementos auxiliares que permitan o seu correcto funcionamento. O proceso de desmontaxe será o inverso.

2. En especial, deseñará e instalará todas as redes de distribución de enerxía, os cadros eléctricos e acometidas, cando sexan necesarios os elementos mecánicos de sustentación como apoios, crucetas, ventos, tirantes, alongadores, etc. Observaranse neste proceso cantas medidas de seguridade sexan precisas, en especial sobrecargas de uso admisibles, coeficientes de seguridade, etc, para que todos os elementos queden correctamente ancorados sen que supoñan ningún risco para as persoas ou bens.

3. As condicións de instalación serán tales que o punto máis baixo do elemento decorativo colocado, tanto arcos coma motivos, quedará cando menos a catro metros e medio (4,5m) elevado sobre a calzada (e en especial as rúas por onde pase a cabalgata dos Reis Magos).

4. Para realizar a instalación e posterior retirada, o adxudicatario solicitará todos os permisos e autorizacións necesarias. Empregará a maquinaria e persoal suficiente para minimizar as molestias aos cidadáns e garantirá a seguridade viaria durante todo o proceso.

5. Os traballos realizaranse preferiblemente en horario nocturno salvo outra autorización expresa do Concello. Deberá acotarse completamente a zona de actuación con valado de obra suficientemente estable, consistente e perfectamente aliñado, mantendo este balizado e visible. Colocarase a cantidade suficiente de sinais e medios de protección para evitar accidentes tanto do seu propio persoal como a terceiros, sendo o adxudicatario o único responsable por este motivo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 06/04/2017 12:48	Páxina 6 de 39
Aprobado en Xunta de Goberno do 06/04/2017	Código de verificación: 28E54-C2ACC-D5BDA-8ADBB	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



6. O persoal, a sinalización e os balizamentos, así como os vehículos da empresa adicados a este proxecto, irán convenientemente identificados e rotulados mediante anagramas visibles nos que se indique a lenda: "CONCELLO DE VIGO, ILUMINACIÓN DE NADAL".

7. No período de probas, o adxudicatario realizará todas aquelas que estime necesarias así como as que lle esixa o responsable do contrato. En todo momento, un técnico competente na materia da empresa adxudicataria controlará a montaxe dos elementos lumínicos e será o responsable da súa instalación. Deste xeito, o adxudicatario será o único responsable da correcta colocación e funcionamento de todo o material instalado. Os técnicos municipais verificarán xunto co adxudicatario as probas realizadas ata quedar de acordo coas esixencias previstas no presente prego e demais normativa vixente.

8. Todos os materiais empregados serán da máxima calidade, cumprindo coa normativa vixente e homologados polos organismos correspondentes cando sexa preceptivo.

9. O adxudicatario deberá entregar no Concello copia de toda a documentación asociada á legalización das instalacións. Así mesmo, deberá presentar tamén un informe técnico, asinado por un técnico competente na materia, en especial no referente aos requirimentos eléctricos e de sustentación mecánica, que será entregado ao Concello unha vez finalizados os traballos de montaxe.

10. Á finalización do contrato, o adxudicatario deberá entregar un documento resumo que incluíra un dossier fotográfico, un vídeo e planos das actuacións executadas.

11. Durante o período de desmontaxe, eliminaranse todos os elementos da instalación salvo aqueles que consensuadamente coa empresa, consideren os técnicos municipais que non molestan e sirvan para futuros exercicios. Os demais serán retirados previa comunicación ao Concello. Será obrigatoria e pola súa conta, a correcta xestión dos residuos xenerados en todo o proceso.

12. O adxudicatario será o responsable contra terceiros de todos os danos que se poidan causar durante o período de duración deste contrato (montaxe, período de iluminación e desmontaxe...)

#### **CLÁUSULA 4.- SERVIZO DE GARDA**

Durante o período de acendido (incluíndo os días festivos e en especial as noites dos días 24 e 31 de decembro, e a tarde do día 5 de xaneiro así como particularmente os días de temporal) o adxudicatario estará obrigado a manter un servizo de garda de 24 horas ao día, cuberto por un retén con persoal, mínimo dunha brigada formada por un oficial e un axudante con camiión cesta, vehículo e ferramentas suficientes para atender as avarías que se produzan.

O retén de garda será quen de reparar as avarías detectadas ou atender aos avisos recibidos, sexa cal sexa a súa natureza (incluso elementos descolgados, caídos ou desorientados), e



**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



substituír as figuras que non cumpran coa porcentaxe de lucimento definida neste prego. Para isto contará con persoal suficiente, dotado dos medios técnicos e os vehículos axeitados aos cometidos descritos, en especial de vehículos cesta e grúa para traballos en altura. A antigüidade máxima destes será de 5 anos; para tal efecto a empresa adxudicataria deberá xustificar este concepto achegando o certificado acreditativo e a documentación correspondente.

O persoal do retén de garda disporá dunha liña de teléfono móbil propio para recibir avisos e comunicar incidencias, que estará operativo as 24 horas do día. O número de teléfono e o e-mail deberá enviárselle ao servizo municipal cun mínimo de dez días de antelación ao inicio do acendido, ao obxecto de que o Concello poida dalo a coñecer aos cidadáns.

Este persoal deberá estar durante todo o período de acendido da iluminación do Nadal realizando traballos de maneira exclusiva para o servizo prestado.

Do mesmo xeito, durante o período de apagado da iluminación o adxudicatario deberá dispor, como mínimo, doutras dúas brigadas das mesmas características para atender as reparacións e/ou substitucións necesarias.

Ao obxecto de garantir o bo funcionamento do servizo, o adxudicatario deberá nomear unha persoa como interlocutor válido co persoal técnico do Concello. Para tal efecto, esta persoa deberá estar dispoñible para calquera xestión nun prazo máximo de 1 hora ás 24 horas do día.

#### 4.1.- Tempos de intervención e reparación

O servizo de garda realizará a reparación de cantas avarías se produzan e/ou defectos se detecten, comprometéndose a intervir, chegando ao punto da avaría, nun tempo non superior a 45 minutos despois de recibido o aviso, e a ter reparada esta ou substituído o elemento nun tempo non superior a catro horas despois da recepción do aviso. Non se define coeficiente de simultaneidade polo que estes tempos serán os mesmos independentemente do número de avarías simultáneas que se produzan.

Os elementos substituídos serán repostos sempre por outros do mesmo modelo e características que o orixinal procedente do stock de seguridade, quedando expresamente prohibido calquera modelo diferente ou de características inferiores aos instalados sen a autorización expresa dos servizos técnicos municipais. Deste xeito, no caso de estropearse un motivo e non existir stock de seguridade, procederíase ao cambio de todos os motivos da rúa, praza ou espazo público afectado.

### **CLÁUSULA 5.- MANTEMENTO DE EQUIPOS**

Defínese “mantemento” como o conxunto de operacións e coidados precisos para que as instalacións dos elementos decorativos da iluminación das rúas comerciais obxecto deste contrato poidan funcionar axeitadamente de maneira continuada.



**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Neste sentido realizarase diariamente a revisión do funcionamento da instalación incluso a verificación do horario de acendido e apagado, a fin de manter a iluminación en correcto funcionamento e co mínimo consumo enerxético.

O servizo de mantemento será quen de inspeccionar todos os elementos en horario nocturno para acadar este obxectivo.

Os traballos de mantemento deberán realizarse conforme ao especificado no Plan de mantemento recollido na Cláusula 7 do presente prego, para que as instalacións permanezan en perfecto estado de funcionamento durante o período de acendido.

**CLÁUSULA 6.- DANOS SOBRE AS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN ORNAMENTAL NAVIDEÑO**

As instalacións dos elementos decorativos de iluminación das rúas comerciais obxecto do contrato, son as realizadas pola empresa adxudicataria, a cal é a responsable única en todo momento dos danos que estas poidan producir.

Será responsabilidade do adxudicatario realizar un axeitado programa de mantemento para conservarlas en perfecto estado tal como se esixe neste prego, pero tamén son susceptibles de sufrir danos provocados por terceiros ou por causas de forza maior (vandalismo, fenómenos meteorolóxicos...). En ningún destes supostos poderá reclamarse os danos contra o Concello de Vigo, sendo o adxudicatario o responsable de protexerse nestes casos polos medios que en dereito estime convenientes.

Serán por conta do adxudicatario as reclamacións contra terceiros por danos producidos sobre as instalacións obxecto do contrato como propietario destas.

En todo caso, independentemente das accións legais que procedan e as indemnizacións ás que houbera lugar, a empresa deberá reparar e substituír de inmediato os elementos danados para repoñer o servizo nas condicións establecidas neste prego.

**CLÁUSULA 7.-PLAN DE MANTEMENTO**

O plan de mantemento describe as tarefas e o alcance das operacións a desenvolver sobre as instalacións de iluminación ornamental decorativa das rúas comerciais obxecto do presente prego durante a prestación do servizo. Inclúe as labores de revisión e vixilancia e a reparación de avarías para acadar o máximo rendemento e seguridade na explotación das instalacións.

O mantemento incluírá comprobacións, substitucións e probas de elementos, equipos e instalacións, incluso que obriguen a efectuar desmontaxes, axustes, regulacións, limpeza e cantas manipulacións se requiran para que todas as instalacións e motivos decorativos do Nadal obxecto deste prego teñan un correcto funcionamento e cumpran coas especificacións



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 06/04/2017 12:48	Páxina 9 de 39
Aprobado en Xunta de Goberno do 06/04/2017	Código de verificación: 28E54-C2ACC-D5BDA-8ADBB	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



aquí contidas, as esixencias do servizo técnico municipal e as recomendacións dos fabricantes dos equipos.

As operacións de mantemento pódense clasificar, segundo a motivación que provoca a intervención, en operacións de mantemento preventivo e correctivo.

1.- Mantemento preventivo.

Dentro do mantemento preventivo existen dous tipos de actuacións, as que se realizan de xeito continuo e as que se programan periodicamente.

1.1.- Mantemento preventivo de xeito continuo

Enténdese como procedemento de mantemento preventivo de xeito continuo, aquelas tarefas de revisión do funcionamento, así como aquelas outras accións que se deban realizar unha ou varias veces ao día que non teñen periodicidade fixa senón que deber realizarse con suficiente asiduidade para garantir a detección e reparación con anticipación dos posibles fallos. Estas actuacións poden ser inspeccións, verificacións funcionais e revisións periódicas que poden incluír substitucións de elementos desgastados e/ou danados non reparables.

Este mantemento preventivo de xeito continuo será realizado polo adxudicatario que deberá realizar cando menos tres rondas a todas e cada unha das instalacións de iluminación obxecto deste prego, consistindo en:

- a) Unha ronda diaria, realizando inspección visual fora do período de funcionamento das instalacións para verificar o estado de sustentación e posicionamento destas.
- b) Unha ronda diaria á hora de acendido do iluminación navideño, realizando a comprobación do lucimento de todos e cada un dos elementos.
- c) Unha ronda diaria á hora do apagado comprobando a realización deste, para evitar consumos excesivos e innecesarios.

Para as datas das festas de Noiteboa, Nadal, Fin de Ano, Aninovo, véspera de Reis e Día de Reis, o servizo disporá dos mesmos medios que o resto dos días do período de acendido, para atender ás instalacións nos mesmos tempos de resposta e de reparación obrigados no prego.

1.2.- Mantemento preventivo programado

O desenvolvemento do Plan de mantemento implicará a realización dunha serie de operacións de mantemento programadas, que o adxudicatario deberá levar a cabo cando menos coa periodicidade detallada a continuación:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 06/04/2017 12:48	Páxina 10 de 39
Aprobado en Xunta de Goberno do 06/04/2017	Código de verificación: 28E54-C2ACC-D5BDA-8ADBB	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Elemento	Tarefa	Frecuencia
Elementos de iluminación navideño (arcos e motivos)	Revisión dos compoñentes eléctricos asociados aos elementos de luz. Revisión e substitución de unidades led apagadas se é posible, en caso contrario substitución do elemento completo. Limpeza (se fose necesario) do elemento. Comprobación da correcta posición do elemento.	Diaria- cada 24 horas
Soportes dos elementos	Comprobación mecánica dos soportes: ancoraxes, tirantes e guías. Comprobación do estado físico dos soportes e accesorios. Pintado dos soportes se fose necesario. Revisión de puntos de ancoraxe.	Diaria- cada 24 horas
Liñas de suministro eléctrico	Verificación das conexións, continuidade e impedancia das liñas.	Diaria- cada 24 horas
Cadro eléctrico	Comprobación do funcionamento dos dispositivos de protección. Comprobación do funcionamento do dispositivo de accionamento (reloxos astronómicos). Comprobación dos elementos de ancoraxe e de peche do centro de mando.	Diaria- cada 24 horas

## 2.- Mantemento correctivo

Defínese como mantemento correctivo, o conxunto de accións ou intervencións necesarias para solucionar as avarías que se orixinen nos equipos e/ou instalacións e que deixen a estes, total ou parcialmente, fora de servizo ou funcionando de maneira defectuosa (insuficiente porcentaxe de lucimento, intermitencia, deficiente luminosidade, etc).

No mantemento correctivo repararanse e substituiranse os equipos cuxa avaría se tivera detectado nas fases de mantemento preventivo ou mediante avisos recibidos por outras canles calquera que sexan estas. Os tempos máximos de intervención (ata chegar ao punto da avaría) e resolución (ata restablecer o servizo), quedan definidos nos pregos.

Procurarase reparar “in situ” sempre que sexa posible e isto non afecte á seguridade nin á fluidez do tráfico. Para elo o retén de mantemento irá dotado dos medios e vehículos axeitados, con stock de repostos e instrumentación suficiente.

As roturas ou desperfectos de elementos mecánicos solucionarase sempre coa substitución por outros novos. Tamén serán substituídos os elementos decorativos luminosos con avarías



**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



provocadas por deficiente porcentaxe de lucimento, en caso de non ser posible a súa reparación conforme ao especificado no prego.

Vigo a data da sinatura dixital

O xefe da Área de Servizos Xerais

Asdo. Álvaro Crespo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 06/04/2017 12:48

Páxina 12 de 39

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/04/2017

Código de verificación: 28E54-C2ACC-D5BDA-8ADBB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**Anexo I:**

**ZONAS A ILUMINAR NA CAMPAÑA DO NADAL 2017-2018**

Orden	Zona	Rúas ou espazos público	Número ou conxunto		Prezo unitario	Prezo Total	Cód. descrición Técnica
			Arcos	Motivos			
1	C.Vello	Abeleira Menendez, rúa	5	0	168,00 €	840,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Cesteiros, rúa	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C. Vello	Chao, Rúa (del 5 al 17)	1	0	168,00 €	168,00 €	ARC-01
1	C. Vello	Cruz Verde, rúa	1	0	226,80 €	226,80 €	ARC-06
1	C.Vello	Elduayen, rúa	6	0	273,00 €	1.638,00 €	ARC-08
1	C.Vello	Fermín Penzol, rúa	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C. Vello	Ferrería, rúa	5	0	168,00 €	840,00 €	ARC-01
1	C. Vello	Fonte no cruce de Paseo Alfonso-Ferrería e Santiago	1	0	336,00 €	336,00 €	ARC-09
1	C.Vello	Fonte, Bxa. (entre Travesía Consul e Canovas del Castillo)	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Franco, Travesía	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Gamboa, rúa	1	0	168,00 €	168,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Joaquín Yáñez, rúa	3	0	168,00 €	504,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Laxe, rúa (Casco Vello)	0	1	168,00 €	168,00 €	MOT-07
1	C.Vello	Laxe, rúa (Casco Vello)	4	0	168,00 €	672,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Méndez Nuñez, rúa	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Mestre Mateo, rúa (de Canovas del Castillo a nº 4 de Mestre Mateo)	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Misericordia, rúa	1	0	168,00 €	168,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Oliva, rúa	4	0	168,00 €	672,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Palma, rúa (Casco Vello)	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C. Vello	Paseo de Granada, rúa	0	7	168,00 €	1.176,00 €	MOT-07
1	C.Vello	Pescadeira, rúa	4	0	126,00 €	504,00 €	ARC-14
1	C. Vello	Pracer, rúa	5	0	168,00 €	840,00 €	ARC-01
1	C. Vello	Praza Almeida	5	0	226,80 €	1.134,00 €	ARC-06
1	C.Vello	Praza Constitución	3	0	168,00 €	504,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Praza da Pedra	0	2	168,00 €	336,00 €	MOT-07
1	C.Vello	Real, rúa	9	0	168,00 €	1.512,00 €	ARC-01
1	C.Vello	San Sebastián, rúa	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
1	C.Vello	San Vicente, rúa	1	0	168,00 €	168,00 €	ARC-01
1	C.Vello	Santiago, rúa	1	0	210,00 €	210,00 €	ARC-12





1	C. Vello	Segunda República, Bxda.	3	0	226,80 €	680,40 €	ARC-06
1	C. Vello	Sombreiroiros, rúa	1	0	226,80 €	226,80 €	ARC-06
1	C.Vello	Teófilo Llorente, rúa	0	15	210,00 €	3.150,00 €	MOT-21
1	C.Vello	Triunfo, rúa	2	0	168,00 €	336,00 €	ARC-01
2	C.Urbano	Alfonso XIII, rúa	0	22	168,00 €	3.696,00 €	MOT-02
2	C.Urbano	Alfonso XII, Paseo	0	11	210,00 €	2.310,00 €	MOT-01
2	C.Urbano	Arenal, rúa	0	18	210,00 €	3.780,00 €	MOT-03
2	C.Urbano	Baixada Estación, rúa	0	2	210,00 €	420,00 €	MOT-21
2	C.Urbano	Baixada Estación, rúa	0	2	168,00 €	336,00 €	MOT-07
2	C.Urbano	Bolivia, rúa (entre el 1 e el 18)	0	8	210,00 €	1.680,00 €	MOT-21
2	C.Urbano	Bolivia, rúa (entre Gran Vía e México)	2	0	226,80 €	453,60 €	ARC-06
2	C.Urbano	Brasil, rúa (entre Gran Vía e Vázquez Varela)	4	0	226,80 €	907,20 €	ARC-06
2	C.Urbano	Cachamuiña, rúa	0	1	168,00 €	168,00 €	MOT-06
2	C.Urbano	Cachamuiña, rúa (desde entrada parking al nº 5)	3	0	336,00 €	1.008,00 €	ARC-04
2	C.Urbano	Camelias, Avda (de Hispanidad a Paseo Granada)	0	15	168,00 €	2.520,00 €	MOT-02
2	C.Urbano	Camelias, Avda (del nº 123 a rúa Hispanidad)	30	0	336,00 €	10.080,00 €	ARC-09
2	C.Urbano	Canceleiro, rúa (del 2 al 26)	0	7	168,00 €	1.176,00 €	MOT-06
2	C.Urbano	Cánovas del Castillo, rúa (entre Carral e García Olloqui)	0	2	168,00 €	336,00 €	MOT-06
2	C.Urbano	Cánovas del Castillo, rúa (entre Carral e Mestre Mateo)	0	3	168,00 €	504,00 €	MOT-06
2	C.Urbano	Caracas, rúa	0	2	210,00 €	420,00 €	MOT-21
2	C.Urbano	Carral, rúa	0	11	168,00 €	1.848,00 €	MOT-07
2	C.Urbano	Castelar, rúa	0	4	168,00 €	672,00 €	MOT-07
2	C.Urbano	Cervantes, rúa	0	11	168,00 €	1.848,00 €	MOT-02
2	C.Urbano	Churruca, rúa	3	0	226,80 €	680,40 €	ARC-06
2	C.Urbano	Colon, Rúa	8	0	336,00 €	2.688,00 €	ARC-09
2	C.Urbano	Concepción Arenal, Rúa	4	0	336,00 €	1.344,00 €	ARC-09
2	C.Urbano	Conde de Torrecedeira, rúa	22	0	273,00 €	6.006,00 €	ARC-08
2	C.Urbano	Cruce Gran Vía-Urzáiz-Lepanto	0	3	168,00 €	504,00 €	MOT-07
2	C.Urbano	Cuba, rúa	3	0	226,80 €	680,40 €	ARC-06
2	C.Urbano	Darío Álvarez Blázquez, rúa	2	0	226,80 €	453,60 €	ARC-06
2	C.Urbano	Doctor Cadaval, rúa	5	0	226,80 €	1.134,00 €	ARC-06
2	C.Urbano	Doctor Cadaval, rúa (entre nº 2 e nº 4)	0	3	168,00 €	504,00 €	MOT-08
2	C.Urbano	Doctor Carlos Colmeiro Laforet, rúa	0	3	226,80 €	680,40 €	MOT-37



**CONCELLERÍA  
DE  
COMERCIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



2	C.Urbano	Ecuador, rúa (de Taboada Leal a Gran Vía)	0	9	168,00 €	1.512,00 €	MOT-06
2	C.Urbano	Ecuador, rúa (Zona Corte Ingles)	6	0	336,00 €	2.016,00 €	ARC-04
2	C.Urbano	Eduardo Iglesias, rúa (nº 16 al nº 24)	0	3	210,00 €	630,00 €	MOT-20
2	C. Urbano	Eduardo Iglesias, rúa (nº 2 al nº 14)	4	0	226,80 €	907,20 €	ARC-06
2	C.Urbano	Emilia Pardo Bazán, rúa (antiga provincial )	0	5	105,00 €	525,00 €	MOT-05
2	C. Urbano	Emilia Pardo Bazán, rúa (antiga provincial do nº 11 ao nº43)	10	0	189,00 €	1.890,00 €	ARC-02
2	C.Urbano	Emilio Blein Budiño, rúa	0	4	168,00 €	672,00 €	MOT-07
2	C.Urbano	Escultor Gregorio Fernández, rúa	0	11	210,00 €	2.310,00 €	MOT-11
2	C.Urbano	Falperra, rúa	3	0	210,00 €	630,00 €	ARC-12
2	C.Urbano	García Barbón, Avda (de Colón a l. Peral)	18	0	336,00 €	6.048,00 €	ARC-04
2	C.Urbano	García Olloqui, rúa	3	0	226,80 €	680,40 €	ARC-06
2	C.Urbano	Gil, rúa	4	0	168,00 €	672,00 €	ARC-01
2	C.Urbano	Gravina, rúa	1	0	210,00 €	210,00 €	ARC-12
2	C.Urbano	Heraclio Botana, rúa	3	0	226,80 €	680,40 €	ARC-06
2	C.Urbano	Hernan Cortes, rúa (Urzáiz-Luis Braile)	0	9	210,00 €	1.890,00 €	MOT-11
2	C.Urbano	Ines Pérez de Z, rúa (entre nº 2 e nº 9)	0	4	168,00 €	672,00 €	MOT-06
2	C.Urbano	Irmandiños, rúa	1	0	210,00 €	210,00 €	ARC-12
2	C.Urbano	Joaquin Loriga, rúa	4	0	226,80 €	907,20 €	ARC-06
2	C.Urbano	Lepanto, rúa	0	11	168,00 €	1.848,00 €	MOT-02
2	C.Urbano	Llorente, rúa	2	0	226,80 €	453,60 €	ARC-06
2	C.Urbano	Lopez de Neira, rúa Príncipe-Dr.Cadaval, nº 24)	4	0	226,80 €	907,20 €	ARC-06
2	C.Urbano	López Mora, rúa (de Camelias a cruce Peniche)	21	0	273,00 €	5.733,00 €	ARC-08
2	C.Urbano	Luis Taboada, rúa	0	14	210,00 €	2.940,00 €	MOT-03
2	C.Urbano	Madrid, Avda (desde Plaza de España a nº 11 de Avda. Madrid)	0	6	462,00 €	2.772,00 €	MOT-12
2	C.Urbano	Magallanes, rúa	0	5	168,00 €	840,00 €	MOT-06
2	C.Urbano	Manuel Nuñez, rúa	6	0	336,00 €	2.016,00 €	ARC-04
2	C.Urbano	Manuel Núñez, rúa (tramo estreito)	3	0	226,80 €	680,40 €	ARC-06
2	C.Urbano	María Auxiliadora, rúa	2	0	226,80 €	453,60 €	ARC-06
2	C.Urbano	María Berdiales, rúa	13	0	226,80 €	2.948,40 €	ARC-06
